



1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA			
CÓDIGO			
MATERIA	Tecnoloxía aplicada ás artes do espectáculo		
DISCIPLINA	Tecnoloxía Escénica I		
TITULACIÓN	Grao en Arte dramática		
ESPECIALIDADE	Escenografía		
ITINERARIO			
CURSO	2º Escenografía		
CRÉDITOS ECTS	5		
CARÁCTER	Práctico		
DEPARTAMENTO	Escenografía		
CENTRO	ESAD de Galicia		
COORDINADOR/A	M. Carmen Romero Rodríguez		
DOCENTE	Nome e apelidos: M. Carmen Romero Rodríguez Titorías: Ver web ESADG Despacho: Departamento Escenografía Contacto: romerorodriguez@edu.xunta.gal		
DESCRICIÓN	Coñecemento teórico-práctico na aplicación dos medios técnicos e tecnolóxicos nunha proposta escénica. Posibilidades estéticas da tecnoloxía aplicada á maquinaria e á imaxe escénicas.		
COÑECEMENTOS PREVIOS	Ter unha base de coñecementos en debuxo para poder realizar bosquexos.		
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	X Galego	X Castelán	Inglés

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T6	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T11	Desenvolver na práctica profesional unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara á diversidade.
T12	Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance coa responsabilidade cara o patrimonio cultural e medioambiental.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo;

	asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE	
EE2	Proxectar a composición do deseño a través do uso do coñecemento dos procedementos técnicos e de representación.
EE3	Planificar e facer o seguimento do proceso de realización da creación, aplicando as metodoloxías de traballo pertinentes.
EE5	Estudar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Coñecer e manexar materiais e ferramentas.	T15, T16, X1, X5.
2. Relacionar a teoría adquirida coa práctica.	T15, T16, EE2.
3. Abordar con autonomía e creatividade a resolución de problemas.	T1, T3, T6, T7, X8, EE2, EE3.
4. Planificar e desenvolver tarefas.	T15, X3, EE3.
5. Expresar e comunicar ideas por procedementos gráficos e manuais.	T1, T3, T7, X5.
6. Valorar a importancia do traballo en grupo.	T6, EE3.
7. Desenvolver actitudes solidarias, responsables, tolerantes e flexibles.	T8, X6.
8. Fomentar a actitude positiva cara ao traballo ben feito.	T13, X3, EE3.
9. Desenvolver a habilidade manual e mental.	T11, T12, EE5.

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS (en horas)
PARTE TEÓRICO-PRÁCTICA		
1.- TEORÍA E PRÁCTICA: O TALLER DE CONSTRUCCIÓN ESCENOGRÁFICA.	1.1 Distribución do taller. 1.2 Ferramentas e instrumentos auxiliares. 1.3 Máquinas portátiles e fixas. 1.4 Materiais: parafusos, pinturas, ferraxes, etc. 1.5 Seguridade no taller.	5
2.- BASTIDORES E PRACTICABLES.	2.1 Bastidores teatrais: tipos, suxeción, construción, almacenaxe, etc.	9
3.- MÓDULO TEÓRICO: O ESCENÓGRAFO COMO DESEÑADOR TÉCNICO.	3.1 Funcións do escenógrafo. 3.2 Organigramas do equipo escenográfico.	15
4.- MAQUINARIA ESCÉNICA SUPERIOR.	4.1 Sistemas: 4.1.1 Poleas 4.1.2 Tiro 4.1.3 Contrapesos...	18

EXERCICIOS PRÁCTICOS		
CARPINTARÍA EN MADEIRA: MÓDULO 1	Deseño e realización de bastidores en madeira e forrados de lenzo, madeira, cartón ou outro material tratable con pintura, atendendo ao seu posterior ensamble entre eles e a súa correspondente/s escuadra/s ou medio de suxeición. Individualmente.	55
CARPINTARÍA EN MADEIRA: MÓDULO 2	Os alumnos realizarán unha maqueta a escala cun sistema de maquinaria escénica superior. Grupalmente.	32
GLOSARIO (traballo do curso)	Realizarase un traballo ao longo de todo o curso a modo de memoria que será unha compilación de todo o realizado durante o curso, a aportación de experiencias persoais, investigacións relacionadas coa materia impartida e a documentación gráfica das actividades prácticas realizadas tanto en horas lectivas como en horas non lectivas.	16
TOTAL SESIÓNS		150

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introductorias	9	4	13
Exposición maxistral	16		16
Exposición práctico-teórica	6	4	10
Práctica individual	28	16	44
Práctica colectiva			
Obradoiro	21	14	46
Seminarios			
Actividades complementarias			
Outros			
Titorías individuais	9		9
Titorías de grupo	11		
Actividades de avaliación. Probas			
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	6	3	9
Actividades de avaliación. Revisión	3		3

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSEÑANZA E APRENDIZAXE	
Actividades	Descrición
Académicas	Coñecemento do proceso de traballo. Secuencia de operacións nun traballo de construción escenográfica.
Disciplinares	Planificación e documentación dun proceso de traballo.
Profesionais	Planificación e desenvolvemento de tarefas de forma ordenada e metódica mantendo unha actitude responsable e desenvolvendo unha conciencia crítica e autocrítica.
7. ATENCIÓN PERSONALIZADA	
Titorías:	_Ver Web ESAG
Contacto:	romerorodriguez@edu.xunta.gal

Referencias básicas:

CALMET, Héctor, Escenografía (Escenotécnica e Iluminación), Buenos Aires, Argentina, Ediciones de la Flor, 2005.
 LÓPEZ GUEREÑO, Javier, Decorado y tramoya, Cuadernos de Técnicas escénicas, Ciudad Real, Ñaque, 1998.
 OLIVA, César y TORRES, Francisco, Historia básica del arte escénico, Madrid, Cátedra, 2000.
 ONTANAYA, Miguel Ángel, Taller de equipo escénico teatral, Madrid, Editorial CCS, 2005.
 SABBATINI, N., Pratica di Fabbicare Scene e Macchine, Anastatica, Roma - Italia, 1955.
 WAGNER, Fernando, Técnica teatral, Ed. Labor. 1959

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
8.1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Elección correcta de materiais e medios necesarios para levar a cabo o traballo. Utilización correcta de materiais, ferramentas e instrumentos de medida.	T15, T16, X1, X5.	20%
Realización axeitada de operacións manuais básicas. Busca de solucións dado a un problema.	T15, T16, EE2.	20%
Desenvolvemento a creatividade e fomento a habilidade manual e mental cunha actitude positiva, defendendo o traballo ben feito mostrando curiosidade e interese ante novos retos.	T1, T3, T7, T13, X3, X5, EE3.	60%
8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Coñecemento da aula de traballo asemellándose a un taller escenográfico.	T15, T16, X1, X5, EE1, EE2.	20%
Coñecemento de materiais e ferramentas.	T15, X1, X5.	20%
Apreciar a calidade estética e os límites convencionais de procedementos e elementos técnicos e construtivos e a calidade estética dos materiais.	T1, T3, T7, T13, X3, X5, EE3.	60%
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Valoración da importancia do traballo en grupo, participando de xeito activa, tolerante, flexible e solidaria	T6, T13, X3, EE3.	80%
9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS		
Respecto ás normas de seguridade e hixiene, pola orde e a limpeza.	T15, T16.	20%



· Referencias complementarias:

- BATISTE, Jaume, *La Escenografía*, Barcelona. La Gal, 1991.
- BONT, Dan, *Escenotécnicas en teatro, cine y T.V*, Barcelona, T. Cien, 1981.
- BREYER, Gastón, *La escena presente*, Ediciones infinito, 2005.
- DAY, David, *Manual completo de la madera, la carpintería y la ebanistería*, Madrid, Ediciones del prado, 1993.
- DIOSDADO, Ana, *El Teatro por dentro*, Barcelona, Aula abierta Salvat, 1981.
- GOROSTIZA, Jorge, *La imagen superpuesta: arquitectos en el cine*, Madrid, fundación Caja de Ahorros, 1997.
- HAYES, Colin, *Guía completa de pintura y dibujo, Técnicas y materiales*, Madrid, H. Blume, 1992.
- HOCKING, Martín, *Efectos de pintura fácil*, Madrid, Celeste ediciones, 1995.
- INNES, J., *Técnicas decorativas, La magia de la pintura*, Barcelona, CEAC, 1995.
- JOHNSON, Hugo, *La madera*, Barcelona, Blume, 1978.
- MALTESE, Corrado, *Las técnicas artísticas*, Madrid, Cátedra, 1999.
- MILLER, Judith y Matín, *Técnicas decorativas para acabados y efectos de la época*, Barcelona, Blume, 1996.
- MILLERSON, Gerald, *Escenografía básica*, Madrid, Inst. Of. de RTVE, 1997.
- MIGGLEY, Barry, *Guía completa de escultura, modelado y cerámica*, Madrid, Herman Blume, 1993.
- PORTILLO, Rafael y CASADO, Jesús, *Abecedario del Teatro*, Sevilla, C.A.T. Colección Teatral 4, 1992
- WARRING, R. H., *El libro práctico del poliéster y la fibra de vidrio*, Barcelona, Borrás, 1982.

10. OBSERVACIONES/RECOMENDACIONES

- Esta materia está adaptada ás condicións e infraestruturas actuais do centro.
- Este documento estará suxeito a modificacións, en función das necesidades do alumnado, do centro e dos proxectos que poidan xurdir fora da escola. Os módulos de carpintería, polo xeral, sempre están enfocados a actividades de colaboración con outras entidades fóra do centro.

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O**

DETERMINE, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala.

Nos exercicios prácticos que se poidan realizar nos domicilios, o alumnado recibirá un kit de materiais e uns vídeos explicativos para a realización dos exercicios.

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

· Porcentaxes de avaliación para a teledocencia:

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Coñecemento da teoría que se explica por medios telemáticos	T15, T16, X1, X5, EE1, EE2.	20%
Realización dos exercicios que se plantexan telemáticamente.	T15, X1, X5.	70%
Apreciar a calidade estética e os límites convencionais de procedementos e elementos técnicos e construtivos e a calidade estética dos materiais.	T1, T3, T7, T13, X3, X5, EE3.	10%

AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INTRUCIÓNS QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).